

MÚSICA 3º E 4º EP

Seguimos repasando o visto na clase. Desta volta comezamos coas familias de instrumentos, na seguinte páxina tedes varios xogos diferentes para traballar as familias dos instrumentos. Ide facendo de un en un ou escollede os que máis vos gusten!!

<https://clic.xtec.cat/projects/fmusical/jclic.js/index.html>

Para comezar a xogar, na parte de abaixo da páxina onde pon "Conoce la familia musical" dámoslle á frechiña que está á dereita e pasamos ó primeiro xogo, cando rematemos volvemos darlle e pasamos ó seguinte, así de cada vez.

Enviade os vosos resultados ou dúbidas á dirección de correo musicaencias@gmail.com

Para continuar coa parte de ritmo, deixovos este video, no que se van executando diferentes grupos de figuras musicais (negras, corcheas, brancas). A idea é que acompañedes os golpes ben co voso corpo, como se mostra no video en algunhas partes, ou ben coas baquetas que construíchedes. Tamén hai a posibilidade de que vaiades alternando corpo e baquetas como aparece no video. Axustade a dificultade ás vosas posibilidades. Aparecen algúns grupos de figuras que non vimos na clase, podeades saltalos ou atrevervos con eles se queredes.

<https://www.youtube.com/watch?v=2CAW2qtsvAY>

Tamén relacionado coa parte rítmica, propoñovos aprender este ritmo con mans como xa temos feito. Podeades unha vez aprendido facer o mesmo ritmo en vez de coas mans coas baquetas que construíchedes. Consta de tres partes, se a última vos resulta complicada facede só as dúas primeiras. Recordade que se o chasquido dos dedos non nos soa non pasa nada, non tedes que repetilo ata que soe, facede o movemento dentro do ritmo simplemente, cando collades práctica sonará.

<https://www.youtube.com/watch?v=mDmZoDQ7YNc>

Para repasar un pouquiño a localización das notas musicais no pentagrama propoñovos o xogo "Cazando Notas" <https://aprendomusica.com/const2/03atrapanotas/game.html>

Para xogar dámoslle primeiro a "Comenzar" tendo seleccionado o modo visual, e na seguinte pantalla escollemos o nivel de dificultade (en base ó número de notas, recoméndase empezar no máis baixo e ir subindo a dificultade en función do éxito acadado). Na seguinte pantalla, antes de darlle a "Comenzar" temos que colocar a barriña de axuste da velocidade á esquerda de todo, que é o modo máis lento do xogo, logo podemos ir subindo. Se queredes repasar a localización das notas no pentagrama antes de comezar a xogar podeades facelo na seguinte ligazón:

<https://www.musicaeduca.es/recursos-aula/juegos/125-notas-dedoado>

Igualmente podeades mandar os vosos videos cos resultados a musicaencias@gmail.com

Un saudiño!!
Alfonso.